

XORNADAS A INNOVACIÓN NAS POLÍTICAS LOCAIS DE EMPREGO

Paraninfo da Universidade da Coruña

POLÍTICAS LOCAIS NA PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO NO CONCELLO DE LUGO. VALORACIÓN E REVISIÓN. PROGRAMAS FINANCIADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E PROGRAMAS PROPIOS



POLÍTICAS LOCAIS NA PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO NO CONCELLO DE LUGO

No Concello de Lugo, o departamento de Desenvolvemento Local constituíuse no ano 1998 coa contratación de dous AEDLs (axentes locais de emprego e desenvolvemento local), subvencionados pola Xunta de Galicia, que se situaron nunha oficina na Casa Consistorial da praza Maior para a dinamización, incentivación do espírito emprendedor e asesoramento a emprendedoras e emprendedores. **No ano 1999 será** cando se reorienta o seu traballo **priorizando a consecución de financiamento externo** da UE, Goberno Central e Xunta de Galicia, ao tempo que se segue co asesoramento a persoas emprendedoras.

Desenvolvemento Local está consolidado como un departamento especializado **no procura de financiamento externo para todas as áreas do Concello de Lugo, de xeito que este departamento debe ser considerado como transversal a outras áreas**, ademais dunha área innovadora.

Ao longo destes últimos 17 anos, neste departamento solicitáronse numerosos proxectos, e por mencionar un dos conseguidos, destacaríase o *PROXECTO URBAN LUGO* (2009-2015) para o desenvolvemento integral do recinto histórico da cidade, e que foi executado por un equipo de tres persoas contratadas concretamente para a súa execución. Quero facer unha mención especial á directora do Urban, que loitou por non perder nin un euro, conseguindo executar o 100% do plan. Lembremos que Urban se complicou pola crise económica que entorpeceu moito o seu remate, con dificultades tales como concursos de acredores de empresas adxudicatarias, peche da Praza de Abastos e recolocación das e dos praceiros, etc.

Ademais, dende este departamento tamén se realizan as convocatorias da Mesa Local de Comercio e se impulsan e xestionan proxectos financiados con recursos propios, como a realización de obras para o Concello de Lugo, que

priman a creación e mantemento do emprego, por exemplo o *PLAN MELLORA LUGO*.

Ao tempo que se foron executando proxectos, tamén se procurou a busca de financiamento para rehabilitar a parte do edificio do antigo Cuartel Militar de Garabolos que non estaba ocupada polo Parque de Bombeiros, para o que se prepararon e executaron proxectos de rehabilitación da edificación que foron financiados por diferentes administracións: *OBRADOIROS DE EMPREGO “MURALLA DE LUGO”* (financiados pola Xunta de Galicia), *PILES* (financiados polo Concello de Lugo), *PROXECTOS SINGULARES “NODUS”* (Ministerio de Administracións Públicas) e a iniciativa comunitaria *EQUAL*.

O traballo realizado polo Concello de Lugo para reforzar e impulsar políticas de emprego e autoemprego ponse de manifesto co esforzo económico feito nestas obras de rehabilitación e acondicionamento no antigo Cuartel de Garabolos, para as instalacións do CEI NODUS e ESPAZO>LAB. O importe das obras ascendeu a case 4,3 millos de euros (4.283.903,25 €)

Unha vez rematada a rehabilitación, neste edificio consolidáronse estas dúas infraestruturas (moi ben dotadas de medios materiais e tecnolóxicos) ben diferenciadas e enmarcadas en Desenvolvemento Local:

- ***ESPAZO >LAB***

Centro de formación e inserción laboral con atención a persoas desempregadas, que leva a xestión da oficina EUROPE DIRECT (información europea) sita no ESPAZO>LAB e a organización de actos públicos relacionados con esta, ademais xestiona bolsas laborais en Europa para a mocidade lucense, que acaba de obter a súa titulación, a través do proxecto LUCUS MUNDI. Neste momento temos en marcha o obradoiro de emprego EMPREGA-TIC e cursos AFD (accións formativas a persoas desempregadas) da Xunta (atención sociosanitaria a dependentes).

O PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL “(Con)trato feito! dotado con 1.150.000 euros (100% financiamento municipal) xestiónase dende este departamento.

- ***CEI-NODUS***

Ofrece atención e asesoramento especializado a persoas emprendedoras. Está dotado con servizos comúns de aulas, salas de xuntas, salas de videoconferencia, sala multiúsos e viveiros de empresa: 17 locais de oficina de entre 32 e 64 metros cadrados, debidamente acondicionados e amoblados, 7 locais de obradoiro de entre 50 e 150 metros cadrados, un sementeiro que acolle 4 proxectos de persoas emprendedoras onde madurar a idea de negocio e traballar sobre o proxecto empresarial, e 1 sala *coworking*.

O uso destes espazos está regulado cunha ordenanza de prezos públicos.

Para a acollida de empresas no viveiro e proxectos no sementeiro se avalían, analízan e valoran as súas solicitudes.

Ademais, este departamento tamén se ocupa da facturación mensual dos servizos, xestión das aulas, procura de mantemento das instalacións, organización de cursos, seminarios e outras actividades coa finalidade de incentivar o espírito emprendedor, e tamén xestiona visitas dos IES lucenses, da USC, e doutras entidades.

A maiores da responsabilidade e xestión dos dous centros anteriores, dende a Área de Desenvolvemento Local desenvólvese unha importante actividade de **fomento e busca de financiamento externo** para o Concello de Lugo, tanto para financiamento de proxectos propios de desenvolvemento local, como para outros transversais a diferentes áreas do Concello de Lugo.

O Concello de Lugo todos estes anos apoiou este centro, cofinanciando numerosos proxectos formativos e de inserción laboral, consolidando este centro como un referente de apoio institucional e municipal ao emprego e ao autoemprego.

Actualmente, nos últimos orzamentos aprobados, continúaase amosando este claro interese en continuar este tipo de políticas, como así se pon de manifesto que dos preto de 91 millóns de euros do orzamento 2016, 4,3 millóns están destinados ao FOMENTO DO EMPREGO.

VALORACIÓN E REVISIÓN

É preciso sinalar a **enorme dificultade** dos concellos para levar adiante este tipo de políticas debido a que estas son competencias da Xunta de Galicia, situación que se agravou dende o 31 de decembro de 2013 coa **Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración local**, posta en marcha polo goberno de Rajoy.

Dende esa data, as dificultades para iniciar políticas de emprego son inmensas, e para continuar coas existentes atopamos múltiples impedimentos non só de financiamento, senón tamén considerables obstáculos para contratar persoal para esta área, polo menos no Concello de Lugo.

Recentemente, na Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2016, o Concello de Lugo declarou o emprego como **servizo prioritario** (xunto coas escolas infantís e a xestión integral dos comedores escolares) para poder efectuar contratacións temporais ou nomeamentos interinos, e para poder poñer en marcha un Plan de emprego municipal.

Á vista do anterior, entendo indispensable que os concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, deberan ter competencias propias en materia de emprego, sobre todo porque o Servizo Público de Emprego amósase claramente ineficaz para paliar os altos índices de desemprego.

O emprego é unha competencia impropia, pero ninguén coma os concellos sabe quen son esas persoas que sofren a lacra do paro, onde viven, os seus nomes e os problemas que o desemprego lles orixina nas súas vidas.

PROGRAMAS FINANCIADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Durante os últimos 17 anos foron numerosos os programas financiados por outras administracións, pero imos tratar só os recentemente aprobados e que se están a executar:

- **Con financiamento 100% municipal:**

1. *PLAN MELLORA LUGO*

Este plan cumpre un triplo obxectivo:

- 1) Contribuír á permanencia de empresas locais no tecido empresarial de Lugo
- 2) Fortalecer o mantemento e a creación de novos empregos
- 3) Levar a cabo actuacións de interese municipal

Á vista dos bos resultados acadados en todas as edicións anteriores, tanto dende o punto de vista dos traballos realizados polas empresas adxudicatarias, como pola xeración de emprego nesas empresas, e tendo en conta que o Concello de Lugo non dispón de recursos para a realización destes traballos, este ano se licitaron de novo as seguintes obras/servizos:

- 1) Servizo de Medio Ambiente: acondicionamento de zonas verdes.
- 2) Servizo de Deportes: mantemento e reparación de instalacións deportivas.
- 3) Zona rural.
- 4) Servizo de Educación: arranxo e reparación de colexios.
- 5) Servizo de mantemento, pavimentación, sinalización da rede viaria municipal.

Para a licitación de cada un dos contratos propostos, tense en conta non só o contido das obras para realizar, os materiais e maquinaria para empregar, senón tamén a **CREACIÓN E O MANTEMENTO DE POSTOS DE TRABAJO** en empresas locais, para colaborar a paliar os efectos da crise económica no Concello de Lugo.

O importe máximo de cada unha das licitacións é de 85.000 euros (IVE incluído)

Importe total do plan 425.000 euros.

2. PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (CON)TRATO FEITO!

Dende o Concello de Lugo, apostamos polo máis importante que temos, as persoas, e neste caso a nosa intención é a de estar ao carón dos nosos case 7.000 veciñas e veciños que sofren a lacra do desemprego.

Queremos que a nosa cidade siga avanzando e que ninguén se quede atrás.

Por iso, dende o goberno municipal impulsamos *(Con)trato feito!*, dotado con 1.150.000 euros, contemplados nos orzamentos municipais, e destinados á creación de emprego de calidade e á consolidación das empresas da nosa cidade.

Son actuacións prioritarias e eficaces de políticas que favorezan o emprego, como é o estímulo á creación de empresas que contribúan á dinamización do tecido empresarial, e á creación de novos postos de traballo, así como a fomentar a mellora competitiva das empresas do noso municipio.

Dende o Concello, concederemos unha **liña de axudas para contratar a veciñas e veciños que se atopen en situación de desemprego**, e coas que tamén queremos **atraer outros proxectos para favorecer o noso tecido industrial**.

O prazo de presentación de solicitudes rematou a mediados de outubro con máis de 150 solicitudes presentadas.

- **Proxectos cofinanciados por outras administracións: europeas, estatais, e autonómicas:**

1. PROXECTO “INICIA COWORKING”

O “INICIA COWORKING” é un proxecto ambicioso de 800.000 euros para desenvolver durante dous anos. Está financiado nun 80% pola EOI co Fondo Social Europeo, aportando o Concello de Lugo un cofinanciamento do 20% con recursos propios, para desenvolver **actividades de emprendemento que contribúan á xeración de riqueza e creación de emprego** no noso territorio, aproveitando as nosas potencialidades, entre as que destacamos as e os profesionais formados no noso campus universitario e nos ciclos formativos, xa que no marco deste proxecto poderán desenvolverse ao redor de 80/100 proxectos (ata 20 proxectos empresariais simultaneamente durante 5 meses), e con vinculación directa a empresas de sectores produtivos.

2- O exitoso proxecto *YOUNGLAB*, financiado ao 100% pola UE no marco do Eramus+, impulsou en Lugo un encontro de 50 mozas e mozos de España, Portugal e Italia (aloxáronse en albergues xuvenís) para idear fórmulas contra o desemprego xuvenil.

Estas ideas en forma de conclusións foron propostas ás administracións para loitar contra o desemprego xuvenil, que no noso municipio rolda as 400 persoas xoves desempregadas (35% na provincia de Lugo).

Merece ser continuado debido á implicación da xuventude lucense e ás súas expectativas. A mocidade participante neste proxecto insistiu na necesidade de potenciar encontros e espazos que lles dean voz real, e xa tomaron a iniciativa de formar unha asociación, aberta para que outras mozas e mozos con estas inquietudes se sumen ao proxecto.

Pese a que é un proxecto financiado o 100%, púidose levar a cabo porque o Concello dispón das infraestruturas axeitadas e de recursos humanos para move-lo.

3- Posta en marcha dun novo proxecto, *PROEMGA*, para o impulso do emprendemento na mocidade lucense, grazas á colaboración conseguida coa Fundación Galicia Innova, que facilita o financiamento (cofinanciado polo FSE), para que Lugo, xunto con Lalín, Ferrol e Riveira, sexa unha sede do proxecto. O Concello de Lugo cede espazos no CEI-NODUS para a materialización deste proxecto, que se executará de xeito simultáneo e complementario co INICIA COWORKING, realizando, deste xeito, un esforzo sen precedente ao servizo de emprendemento no noso municipio.

4- Seguen en marcha as dúas accións formativas xa iniciadas de **cursos AFD**, en ESPAZO>LAB, ata novembro de 2016, relacionadas coa formación de expertas e expertos de Atención Sociosanitaria, con obtención de certificados de profesionalidade.

5- Ademais, é importante destacar tamén a colaboración con outras áreas do Concello, tanto en proxectos con recursos propios, como para acadar premios (Proxecto europeo de accesibilidade, **Acces City Award 2017**, para o que recentemente se nos comunicou que somos finalistas xunto a outras 6 cidades europeas, sendo Lugo a única do Estado Español).

6- A ESTRATEXIA DUSI “MURAMIÑAE”

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas concedeulle ao Concello de Lugo a estratexia DUSI Muramiñae, “Da Muralla ao Miño”, cun orzamento total de 12,5 millóns de euros, cofinanciado pola entidade local nun 20%.

Grazas a estes fondos, revitalizaremos O Carme, poremos en valor o Camiño de Santiago e o patrimonio arqueolóxico, crearemos accesos rodados, en bicicleta e a pé, entre a cidade e o río, impulsando o contorno fluvial entre outras actuacións para facer unha cidade máis sostible, máis integradora, máis verde e máis moderna.

O esforzo do goberno anterior fixo ao Concello acredor da boa xestión de fondos europeos que, xunto co traballo excelente das e dos técnicos municipais e o impulso político deste goberno do que eu formo parte, nos levou a ser adxudicatarios destes fondos.

7- O PROXECTO DE CIDADE INTELIXENTE “LUGO SMART CITY” DE RED.ES

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo concedeulle ao Concello de Lugo o Proxecto Lugo Smart City, dotado cun orzamento total de 4,1 millóns de euros, cofinanciado pola entidade local nun 40 %, para converter Lugo nunha cidade intelixente e sostible.

Buscamos transformar Lugo estando á vangarda da eficiencia das TICs, tendo en conta a dispersión da poboación do municipio e o amplo territorio rural. Inclúe a implementación da Administración dixital, a xestión de aparcadoiros a través de sensores para 200 prazas, a lectura de auga, a detección nos colectores de lixo a través de GPRS ou 3G, a ou a mellora da tarxeta cidadá e a eficiencia enerxética en 6 dependencias municipais.

Lugo foi a única cidade galega presentada de xeito individual que acadou o financiamento. De 111 proxectos presentados, soamente se aprobaron 14, quedando Lugo na sexta posición.

Este proxecto foi no que eu me impliquei máis persoalmente, xa que foi unha aposta persoal moi satisfactoria por impulsar un Lugo intelixente e sostible. Vivimos con este proxecto algo inédito na traxectoria deste tipo de convocatorias, porque un grupo de seis persoas, cinco funcionarios municipais e eu mesma, viaxamos a Madrid para facer a defensa do noso proxecto diante dun equipo técnico de RED.ES.

Conseguimos implicarnos ao 100% na preparación do proxecto, e, pese a que o proxecto era excelente, sospeitabamos que era un tema con poucos visos de conseguirse, e conseguilo deunos moita confianza e reafirmounos como equipo.

8- O PROGRAMA LIFE “LUGO+ BIODINÁMICO”

A Unión Europea concedeulle ao Concello 3,5 millóns de euros para o PROGRAMA LUGO+BIODINÁMICO, financiado a través do Plan LIFE.

Único proxecto que non foi coordinado por Desenvolvemento Local. Foi EVISLUSA, a empresa municipal para o desenvolvemento de solo e vivenda, quen coordinou o traballo que nos levou á consecución deste programa.

Queremos un modelo de cidade verde e sostible, cun urbanismo ao servizo das persoas, para mellorar a súa calidade de vida e impulsar o crecemento económico, fomentando o uso da madeira como material construtivo, potenciando o sector forestal, e diminuindo a emisión de dióxido de carbono. É unha aposta do Concello por un barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana.

Estes 3 grandes proxectos, aos que o Concello dedicou moito esforzo e horas de traballo, foron resoltos favorablemente, o que supón un grande estímulo e unha importante inxección económica para a nosa cidade, de aproximadamente 20 millóns de euros, situándonos na vangarda da procura de financiamento europeo, que de seguro transformarán a nosa cidade abríndoa ao río a través do *Carme (como xa indicou un romano fai 2.000 anos)*.

9. Co **OBRADOIRO DE EMPREGO “EMPREGA-TIC”**, actualmente en execución, o Concello de Lugo aposta pola innovación para o deseño solicitándolle á Xunta de Galicia obradoiros con temáticas innovadoras e actuais, moi afastadas dos típicos obradoiros de obra con “cimento e ladrillo”.

A modo de resumo, nos últimos anos leváronse a cabo os seguintes obradoiros:

- A MEMORIA DA CIDADE, dixitalización dunha parte importante dos fondos do Arquivo Municipal, tanto documentais coma fotográficos.

- VRBS LVCVS, dixitalización das antigas tramas urbanas da cidade e dos edificios antigos máis emblemáticos, algún deles de arquitectos galegos como Maquieira.

- ARQUEO LVCVS, dixitalización das actas municipais dos séculos XVII en adiante

- CULTURA LVCVS, posta en valor do patrimonio natural, cultural, arqueolóxico e gastronómico do Concello de Lugo (gastorrutas, obradoiros arqueolóxicos nos colexios lucenses de infantil e primaria, etc.)

E seguimos traballando...

Ana Prieto Nieto

Primeira Tenenta de Alcalde
Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprego e
Desenvolvemento Económico
Excelentísimo Concello de Lugo



Edificio Administrativo.
Ronda da Muralla, 197 2º andar
27001 Lugo
Tfno: 982 297 313
ana.prieto@concellodelugo.org
@anaprietonieto
www.lugo.gal